

B A S E S

1.- **OBJECTO DA CONVOCATORIA.**- Ten por obxecto a presente convocatoria contratar a un/unha Licenciado/a en Ciencias da Actividade Física e do Deporte para o Departamento de Deportes, a través da modalidade de contratación laboral temporal por obra ou servizo determinado.

2.- **CONDICIÓN.**- Duración de contrato: ata o 31 de decembro de 2012 (prorrogable ata o 31 de decembro de 2013.)

O horario laboral será de xornada completa.

Percibirá a cantidade mensual de 1.299,00 €uros brutos mensuais por todos os conceptos.

3.- **CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.**- Para poder tomar parte na presente convocatoria, os/as aspirantes deberán estar en posesión, antes do remate de presentación de instancias, dos seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou posuir a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos do artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación.

c) Estar en posesión do título de Licenciado/a en Ciencias da Actividade Física e do deporte ou en condicións de obtelo na data de finalización do prazo de admisión de instancias.

d) Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Non ter sido separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.

4.- **PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**- As instancias dirixiranse ao Ilmo Sr. Alcalde-Presidente deste Concello, e serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello no prazo de cinco días, contados a partires do día seguinte da publicación do correspondente anuncio en dous diarios de gran difusión.

Para seren admitidos a tomar parte na convocatoria, os aspirantes manifestarán na instancia que reúnen todas e cada unha das condicións sinaladas no nº 3 destas Bases.

Con ela acompañaranse compulsadas:

a) Fotocopia do D.N.I.

b) Certificado médico no que se faga constar que o/a aspirante non sofre impedimento físico para desempeñar a actividade de referencia.

c) Fotocopia do título requerido.

d) Xustificante de coñecemento de lingua galega (Celga 4 ou equivalente), de posuílo.

e) Carné de conducir tipo B-1 (necesario para os diferentes desprazamentos que terá que facer o/a técnico por necesidades do servizo)

f) Xustificante do pagamento das taxas de inscrición (a cantidade a aboar serán de 20 euros os cales serán pagados na Tesourería Municipal ou a través do seguinte número de conta

bancario: BANCO PASTOR (0072 0403 98 0000 10 5647) no xustificante de ingreso terá que figurar o DNI do candidato á praza).

5.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Estará constituído polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

Titular: D. Rogelio A. Carrera Ares (Técnico de Administración Xeral do Excmo. Concello da Estrada).

Suplente: D. Julio Fontaiña Couso (Tesoureiro Municipal do Excmo. Concello da Estrada)

SECRETARIO: Actuará con voz e voto

Titular: D. Luis Lozano Lorenzo (Técnico de Administración Xeral do Excmo. Concello da Estrada)

Suplente: Dña. Beatriz Castro Pérez. (Asesora docente da Secretaría Xeral de Política Lingüística).

VOGAIS:

Titular: Dña. Mónica Castro Pérez (Xefa do Servizo de Formación da AGASP)

Suplente: D. José Antonio Grandas Arias (Xefe do Servizo de Emerxencias)

Titular: D. Javier Comesaña Pereira (Director do Conservatorio do Excmo. Concello da Estrada)

Suplente: Dña. Mónica Neira Mato (Arquitecta Municipal do Excmo. Concello da Estrada)

Titular: Dña. M^a Rita Rivas de la Iglesia (Economista do Concello da Estrada)

Suplente: Dña. Celia Soto Espiño (Técnica de Normalización Lingüística da Deputación de Pontevedra)

Os membros do tribunal podrán acadar o asesoramento de técnicos especializados na materia obxecto da convocatoria.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a relación de admitidos excluídos ás probas, así como a data e lugar de celebración dos exercicios.

6.- EXERCICIOS OBRIGATORIOS.- Os/as interesados/as presentaranse no lugar, día e hora, fixados no intre da publicación da relación de admitidos e excluídos, aos efectos de levar a cabo unha proba que constará de dúas partes:

Parte teórica:

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 50 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria durante un período de 60 minutos e determinado polo Tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, aos efectos da elaboración do mesmo.

Parte práctica:

Consistirá na resolución dun suposto práctico, por escrito, sobre as tarefas a desenvolver segundo o temario Anexo, nun tempo máximo de 30 minutos.

O exercizo, obrigatorio e eliminatorio, será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima media de cinco puntos. Para elo será necesario obter unha cualificación mínima en cada parte (teórica e práctica) de 2,5 puntos.

PROBA DE GALEGO.- Os/as aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 4 ou equivalente) terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento.

Quedarán exentos/as, así mesmo, de realizar a proba específica os /as aspirantes que opten por realizar o exercicio obrigatorio na lingua galega. Os/as restantes opositores/as terán que realizar unha traducción do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Serán cualificados como aptos/as os /as aspirantes que realicen a traducción completa no tempo indicado. No caso de non realizar a traducción completa serán considerados non aptos.

7.- PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E PUBLICACIÓN.- Rematada a proba, o Tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación. A persoa que acadase maior puntuación será proposta ao Presidente da Corporación para que faga o nomeamento e se formalice o contrato. Non se poderá propoñer a máis de unha persoa para cada praza convocada.

8.- RECURSOS.- Contra as presentes bases, que remata a vía administrativa, poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante a Xunta de Goberno Local, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da recepción da presente. Contra a resolución do recurso potestativo de reposición poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo con sede en Pontevedra, no seu caso, no prazo de dous meses contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución expresa do nomeado recurso. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado a partir do día seguinte ao que se produza a desestimación por silencio administrativo.

Non obstante, poderá interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo citado ante o órgano competente da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, sen necesidade de interpoñer-lo recurso potestativo de reposición, no prazo de dous meses contado dende o día seguinte ao da notificación da presente. E, todo isto, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

O Tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias prantexen a súa aplicación, a cuio efecto poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

ANEXO TEMARIO

PARTE XERAL

- 1.- A Constitución Española de 1978. Características, estrutura e contido. A reforma constitucional.
- 2.- Os dereitos fundamentais: evolución histórica e conceptual. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.
- 3.- Os dereitos económicos e sociais na Constitución Española. Principios da economía social.
- 4.- Democracia directa e democracia representativa na Constitución Española. A participación política. Os partidos políticos.
- 5.- O sufraxio. Formas e técnicas de articulación. A Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.

- 6.- A Monarquía parlamentaria. A coroa: significado e retribucións. O referendo.
- 7.- As Cortes Xerais. Composición e funcións.
- 8.- O Goberno. Funcións e potestades. Composición, designación e remoción do Goberno e o seu Presidente.
- 9.- A función parlamentaria de control do Goberno. Órganos dependentes das Cortes Xerais. O Defensor do Pobo.
- 10.- O Tribunal Constitucional. Organización, composición e atribucións.
- 11.- A organización territorial do Estado: regulación constitucional. Distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas.
- 12.- Os estatutos de autonomía. Significado e contido.
- 13.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. Estructura. Competencias.
- 14.- O Parlamento de Galicia: composición, funcións e potestades.
- 15.- O Goberno de Galicia. O presidente da Comunidade e o Consello da Xunta. Composición, designación e remoción. As Consellarías: estrutura básica.
- 16.- Réxime Local Español: Regulación constitucional e normativa xurídica. Liñas xerais de organización do municipio e provincia.
- 17.- O municipio. Historia. Clases de entes municipais no Dereito español.
- 18.- O termo municipal. A poboación. O padrón de habitantes.
- 19.- Organización e competencias municipais. Réxime de funcionamento dos órganos colegiados locais.
- 20.- Ordenanzas e regulamentos das Entidades Locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.
- 21.- Autonomía municipal e tutela.
- 22.- Os bens das Entidades Locais. Réxime de utilización dos bens de dominio público.
- 23.- O servizo público na esfera local. Os modos de xestión dos servizos públicos.
- 24.- A lei de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- 25.- Dereitos e deberes dos empregados públicos. Réxime disciplinario do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

PARTE ESPECÍFICA

- 1.- As instalacións deportivas no Concello da Estrada. Inventario e características.
- 2.- O Municipio e práctica de actividades físicas. Recursos materiais e humanos. Implicacións.
- 3.- Percorrido funcional polas piscinas municipais (deseño, estrutura, dimensións, forma, etc.)
- 4.- Actividades físicas no medio natural. Tipos, clasificación, organización, seguridade e impacto ambiental.
- 5.- Lugares de interese e áreas recreativas para o desenvolvemento de actividades físicas e deportivas no Concello da Estrada.
- 6.- Actividades deportivas e asociacións no Concello da Estrada.
- 7.- Deportes I Xeneralidades: fútbol, fútbol sala e baloncesto.

- 8.- Deportes II Xeneralidades: balomán e voleibol.
- 9.- Deportes III Xeneralidades: actividades físicas e deportes na natureza.
- 10.- Instalacións deportivas e o seu mantemento.
- 11.- Os deportes colectivos.
- 12.- Os deportes individuais.
- 13.- A preparación de actividades recreativas
- 14.- A xerencia deportiva. O xerente.
- 15.- A organización do servizo municipal de deportes.
- 16.- O Deporte Escolar.
- 17.- O sistema muscular.
- 18.- O sistema óseo-articular.
- 19.- O sistema cardiorrespiratorio.
- 20.- Animación deportiva. Programas
- 21.- As piscinas: tipos, características, funcionamento, utilización e lexislación.
- 22.- Os campos de fútbol: tipos, características, funcionamento, utilización e lexislación.
- 23.- Competencias das administracións en materia de E.F e deportes.
- 24.- A planificación deportiva municipal.
- 25.- Programas deportivas municipais.
- 26.- Formas de xestión dos servizos deportivas municipais.
- 27.- O deporte en Europa. O Consello de Europa. A Carta Europea e o deporte para todos en España.
- 28.- Calidade no servizo. Grado de aceptación.
- 29.- Ingresos para o deporte municipal.
- 30.- Niveles de proceso de planificación.
- 31.- Vías do deporte: tipoloxía de organización deportiva.
- 32.- Condición física: sistemas para o desenvolvemento das capacidades físicas básicas.
- 33.- O quecemento. Funcións e fases.
- 34.- Procesos energéticos e actividade física.
- 35.- Principios básicos do adestramento da condición física.
- 36.- Factores que inflúen no desenvolvemento da condición física.
- 37.- O síndrome xeral de adaptación.
- 38.- Equipamentos de ximnasia de musculación. Máquinas guiadas, peso libre, máquinas de desenvolvemento aeróbico, elementos complementarios. Componentes, funcionamento, mantemento, distribución.
- 39.- Equipamento de hidromasaxe. Componentes, funcionamento, mantemento, lexislación sanitaria.
- 40.- Equipamento de sauna. Componentes, funcionamento, mantemento.
- 41.- Actividades e proxectos deportivos.
- 42.- Epistemoloxía da actividade física: evolución e desenvolvemento das distintas concepcións e do seu obxecto de estudo.

- 43.- Medición e avaliación do desenvolvemento motor. Tendencias nos aspectos a avaliar.
- 44.- Procedementos e instrumentos para a medición e avaliación do desenvolvemento motor.
- 45.- Estructura do exercicio físico. Forma e técnica. Análise dos elementos mecánicos.
- 46.- A condición física: concepción e avaliación das correntes.
- 47.- Principios básicos para o axeitado desenvolvemento da condición física
- 48.- Capacidades físicas básicas. Concepto, clasificación e evolución das mesmas.
- 49.- Factores que interveñen no traballo do desenvolvemento da condición física: intensidade e volume; recuperación, duración e repeticións.
- 50.- A adaptación do organismo ao esforzo na actividade física.
- 51.- O sistema cardio-respiratorio. Estructura e funcións.
- 52.- A forza como capacidade física básica. Consideración teóricas. Tipos de forza.
- 53.- O sistema muscular. Estructura e funcións. Características.
- 54.- A velocidade como capacidade física básica. Consideracións teóricas. Tipos de velocidade.
- 55.- O sistema nervioso. Organización do sistema nervioso.
- 56.- A flexibilidade como capacidade física básica. Consideración teóricas. Tipos de flexibilidade.
- 57.- O sistema óseo-articular. Estructura e funcións.
- 58.- As cualidades motrices: concepto e clasificación. A coordinación e o equilibrio como aspectos cualitativos do movemento. Métodos e sistemas para o seu desenvolvemento.
- 59.- Fundamentos da relaxación. Aplicacións educativas da relaxación.
- 60.- O deporte educativo. Concepto. Historia e antecedentes.
- 61.- O deporte como fenómeno social e cultural.
- 62.- Os deportes de adversario. Aspectos técnicos, tácticos e regulamentarios. Exemplificacións sobre algúns deportes.
- 63.- Recreación e tempo libre: concepto e evolución.
- 64.- Os xogos e deportes tradicionais e populares: conceptos e clasificacións.
- 65.- Nutrición e actividade física. Metabolismo basal e calorías. Tipos de actividade física e gastos enerxético.

MODELO INSTANCIA:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA.

D.....con DNI Nº.....
con enderezo ene nº de teléfono
.....,V.S.;

EXPÓN:

Que enterado/da do anuncio da convocatoria para a provisión dunha praza de Licenciado/da en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

Que reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas Bases da convocatoria, a V.S.;

SOLICITA: Se lle admita á práctica das probas para a indicada selección.

A Estrada, a.....de de 2012

A Estrada, 25 de abril de 2012

O ALCALDE,